

Exercicio 4.

Texto sobre a Guerra de Sucesión.

SOCIEDADES NO TEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN.

As recentes noticias de conflitos armados por todo o planeta están comezando a sumilo nun estado case paranoico, temendo acabar sufrindo unha nova guerra mundial. Para tranquilizarse, comeza a tratar de entender mellor as razóns auténticas polas que se desencadenan os conflitos, rezando por non atopar eses indicadores no seu día a día. Como por algunha guerra debía comezar, e tras ver nas noticias que Juan Carlos I e o seu neto Froilán saíron de festa xuntos por Abu Dhabi, decidiu averiguar as causas do conflito que permitiu aos Borbóns facerse co trono español, atopando un texto do que non se acaba de fiar. Polo tanto, chegou o seu momento de facer un estudo crítico desta información, revelando os erros que poida ter.

TEXTO PARA REVISAR:

“Debido á súa falta de descendencia, o rei Carlos II viuse obrigado a designar un herdeiro para o trono da Monarquía Hispánica. Malia as presión do rei francés Luis XIV para que nomeara ao seu neto Felipe de Anjou, finalmente optou polo arquiduque Carlos de Habsburgo, que pertencía á súa mesma dinastía, aínda que o candidato Borbón seguiu reclamando o seu dereito ao trono.

A preocupación ante unha posible vitoria de Felipe e a creación dunha nova hexemonía en Europa levou ao resto de potencias a crear unha alianza antiborbónica, da que nun principio formaron parte Austria, Inglaterra e os Países Baixos. Pouco despois sumáronse Prusia, Portugal, Savoia e a maioría dos principados alemáns e italianos.

Pero a Guerra de Sucesión non se debeu só a factores externos, senón que acabou por ser tamén unha guerra civil. Castela (e dentro dela, Navarra e as tres provincias vascas) apoiou a Carlos de Habsburgo, en boa medida pola lealdade á vontade do rei anterior, mentres que os diversos territorios da Coroa de Aragón optaron por defender ao candidato borbónico, Felipe de Anjou, cuxas políticas encaixaban mellor coa idiosincrasia destas rexións mediterráneas.

RESPONDA ESTES TRES APARTADOS:

1. Identifique as informacións erróneas.
2. Explique os erros detectados.
3. Proceda á súa redacción correcta.